



ANUNCIO

LICITACIÓN: Servizo de limpeza e mantemento ordinario de instalacións das piscinas municipais durante as tempadas de verán 2021-2022, así como a explotación do bar das piscinas

Os interesados en presentar ofertas para esta contratación poderán facelo no **prazo de dez días naturais** a contar desde o seguinte ao que se publique este anuncio na sede electrónica municipal.

Deberán utilizar o **modelo de instancia que se contén no Pregó** que se transcribe a continuación e acompañala da **documentación preceptiva** para seleccionar a mellor oferta.

O contrato licítase para **dous tempadas** de verán: do ano 2021 e do ano 2022.

A contraprestación pola explotación do bar será un **canon de 150 euros mensuais mellorable ao alza**.

Resultará adxudicatario o que máis puntos obteña polo prezo ofrecido e as melloras que oferte das que se establecen no prego que a continuación se inserta:

“PREGO DE CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS QUE REXERAN NA CONTRATACIÓN DO SERVICIO DE LIMPEZA E MANTEMENTO ORDINARIO DE INSTALACIÓN DAS PISCINAS MUNICIPAIS, DURANTE AS TEMPADAS DE VERÁN DE 2021 E 2022.

I) É **obxecto** deste contrato a realización de traballos de limpeza e mantemento ordinario de instalacións das piscinas municipais, entre estas, atención do pequeno bar existente, cuxo aforo máximo é de 140 persoas.

Os servizos que se realizarán son os seguintes:

1º Limpeza, fregado, desinfección e mantemento ordinario das piscinas municipais (excepto limpeza e mantemento da auga das piscinas e das zonas verdes, que se executará por conta do Concello), dos baños e demais instalacións ubicadas neste recinto, de conformidade coas recomendacións que as autoridades sanitarias emitan para a apertura da actividade nas piscinas e mesmo na hostelería, se fora o caso, como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia ou no territorio de calqueira dimensión que inclúa o Concello de As Neves.

2º Colaboración na **vixancia** do bo uso das instalacións obxecto desta adxudicación por parte dos usuarios, incluído o control do seu aforo vixente en cada momento.

II) A **contraprestación** que percibirá o adxudicatario é a explotación no seu exclusivo beneficio do bar sito nas piscinas municipais, e como **compensación** o Concello percibirá en





concepto de explotación do bar un canon mensual de 150,00 euros, non suxeito a IVE, cantidade que poderá ser mellorada polos licitadores ao alza. O canon será prorrateado dependendo do período de prestación do servizo (contado este desde a apertura ao peche das piscinas exclusivamente en cada tempada de vixencia do contrato) e abonarase a primeira mensualidade ao inicio do contrato e as seguintes nos cinco primeiros días do mes correspondente.

III) Criterios de valoración.

O órgano de contratación adxudicará o contrato ao licitador que máis puntuación obteña unha vez aplicados os seguintes criterios de adxudicación:

III.1) Prezo. Ata 39 puntos

O prezo a ofertar será un canon mensual mínimo de 150,00 euros, mellorable ao alza.

Á oferta que propoña o prezo maior outorgáraselle unha puntuación de 39 puntos, e as demais a puntuación que, partindo desta, proporcionalmente lles corresponda.

III.2) Melloras. Ata 61 puntos

As melloras que os licitadores poden ofrecer son as reflexadas no informe do arquitecto municipal de data 28 de maio de 2021, no que se detallan as características dos traballos a realizar, e que son:

- a) Pintura asfáltica tellado de 30 m²: 8 puntos
- b) Pintura exterior e listóns de madeira decorativos 75 m²: 10 puntos.
- c) Reparación solado terraza 123 m²: 12 puntos
- d) Pérgola con brezo ou cañizo, 120 m²: 14 puntos.
- e) Terraza con brezo ou cañizo, 123 m²: 15 puntos.
- f) Mobiliario acorde casco histórico As Neves: 2 puntos.

Tódalas melloras ofertadas a realizar polo adxudicatario da explotación, serán supervisadas polos servizos técnicos municipais.

Valoración económica das melloras:

- 1.-300 €
- 2.-1000 €
- 3.-1200 €
- 4.-1200 €
- 5.-1230 €
- 6.-Aportarase documentación do mobiliario a empregar na terraza

Ditos valores serán os que se terán en conta a hora de puntuar, dándolle a máxima puntuación a mellor oferta económica e mediante regra de tres se adxudicarán o resto dos puntos.

Estas melloras poden ofertarse independentemente unhas de outras. No caso de ofertar todas, a puntuación total a outorgar neste apartado de “melloras” é de 61 puntos.

Estes traballos, no caso de ofertarse, deberán estar totalmente rematados e recibidos polo Concello con anterioridade á data de apertura das instalacións na tempada de 2021, que virá determinada pola data que estableza o Concello para a apertura das piscinas, trala obtención das correspondentes autorizacións.





IV) A **duración** do contrato será para cada unha das tempadas de licitación, desde a data que se abran as piscinas ata a data de peche das mesmas, sen prexuízo de que o adxudicatario poida dispor das chaves das instalacións para realiza-las melloras que no seu caso oferte ou preparar a instalación en cada unha das tempadas, así como ao remate das mesmas para devolvelas nas debidas condicións.

V) Os servizos expresados na cláusula I se realizarán durante o período de vixencia do contrato segundo queda expresado na cláusula anterior. O adxudicatario se compromete a acepta-las ordes que neste sentido lle sexan impartidas pola Alcaldía ou Concelleiro no que delegue.

VI) O **horario** máximo de apertura do bar será desde a hora en que se abran diariamente as piscinas ata as 24.00 horas do día e o adxudicatario deberá atender o servizo a que queda obrigado con este contrato todos os días da semán no período de apertura das piscinas.

VII) Será responsabilidade do adxudicatario a contratación de tódolos subministros cos provedores que el estime convenientes.

O material auxiliar necesario para a prestación do servizo de bar será aportado polo adxudicatario quen, ademais, se obriga a asumir por conta propia os gastos de reposición, reparación e mantemento do citado material. Enténdese como material auxiliar a vaixela, cristalería, cubertos e todo tipo de material funxible.

O adxudicatario obrígase a manter as dependencias do Bar en perfectas condicións hixiénico-sanitarias e a cumprir coas normas vixentes en canto a consumo de comidas e bebidas e, moi especialmente, coa prohibición de expender tabaco e bebidas alcohólicas ós menores de idade.

O adxudicatario obrígase a cumprir as recomendacións sanitarias vixentes en cada momento, co fin de minimizar a potencial transmisión de COVID-19.

Calquera tipo de reparación e tarefa de acondicionamento que precisase o local, tanto exterior como interior, ben a iniciativa propia do adxudicatario ou ben a instancia do Concello, serán de conta e cargo do adxudicatario, previa consulta neste Concello; así como os gastos e responsabilidades que implique o inicio e a explotación do servizo.

Así mesmo, comprométese ó cumprimento das obrigas tributarias, de Seguridade Social (alta do adxudicatario no correspondente réxime da Seguridade Social; ter de alta, no seu caso, na Seguridade Social ó persoal que traballe á súa orde, etc.), de seguridade e hixiene no traballo e demais establecidas na normativa vixente, non sendo responsable o Concello polo seu incumprimento.

VIII) Para responder das obrigas contraídas, os concursantes ingresarán nas arcas municipais unha **fianza definitiva** de 250,00 euros.

IX) **Presentación de solicitudes:** Presentaranse de xeito manual no Rexistro Municipal do Concello de As Neves, en sobre pechado, durante o prazo de dez días naturais a contar desde o seguinte ao que se publique o correspondente anuncio na sede electrónica municipal.

X) As persoas que estean interesadas na adxudicación deste contrato presentarán a súa **proposta** axustada ao modelo que se detalla a continuación:

“Don....., con domicilio en....., provisto de D.N.I. núm....., en nome propio (o en representación de segundo acredita por), enterado da convocatoria anunciada polo Concello das Neves, manifesta o seu desexo de tomar parte na licitación para a adxudicación dos





servizos de limpeza e mantemento ordinario de instalacións das piscinas municipais e demais instalacións ubicadas no recinto durante as tempadas de verán de 2021 e 2022, recibindo como contraprestación a explotación do bar sito en ditas piscinas, e ofrece a cantidade de(en número e letra) euros mensuais en concepto de compensación pola explotación do bar.

Así mesmo, comprométese a realizar as seguintes Melloras (consigne SI ou NON):

- 1) Pintura asfáltica tellado de 30 m2: SI ou NON*
- 2) Pintura exterior e listóns de madeira decorativos 75 m2: SI ou NON*
- 3) Reparación solado terraza 123 m2: SI ou NON*
- 4) Pérgola con brezo ou cañizo, 120 m2: SI ou NON*
- 5) Terraza con brezo ou cañizo, 123 m2: SI ou NON*
- 6) Mobiliario acorde casco histórico As Neves: SI ou NON*

Manifesta, igualmente, coñecer e aceptar integramente as Condicións Administrativas Particulares que rexen este contrato.

Lugar, data e sinatura”.

Documentación anexa: No sobre da oferta deberán introducirse necesariamente, os seguintes documentos:

- a) Os que acrediten a identidade do concursante e, no seu caso, a súa representación.
- b) Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar, conforme establece a vixente Lei de contratos do sector público.
- c) Os que acrediten estar ó corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- d) Declaración responsable no senso de que todo o persoal que atenda as instalacións estará debidamente contratado ao abeiro das disposicións laborais correspondentes, dado de alta na Seguridade Social e estará en posesión do carnet de manipulador de alimentos.
- e) Memoria explicativa do modo e dedicación no que se prestarán os servizos por parte do concursante, especificándose na mesma, no seu caso, as persoas que traballarán ás súas ordenes, e da súa experiencia en hostalaría e actividades de tipo deportivo e cultural, no seu caso.

XI) **Adxudicación.-** O órgano competente procederá á apertura dos sobres presentados o día seguinte ao remate do prazo habilitado para presentación de ofertas e adxudicará o contrato menor á proposta que alcance máis puntuación unha vez aplicados os criterios de adxudicación.

XII) Antes de proceder á adxudicación, o licitador que teña acadado a maior puntuación deberá presentar nas oficinas municipais a seguinte documentación:

- Certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias e da Seguridade Social.
- Alta na Seguridade Social.
- Alta no Imposto de Actividades Económicas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil da actividade.
- Póliza de responsabilidade civil patronal, de productos-alimentos subministrados e locativa.
- Seguro de accidentes no referente aos seus traballadores.

En ningún caso, o outorgamento do contrato suporá a existencia dunha relación funcional ou laboral entre a Administración e o adxudicatario.





XIII) Se o adxudicatario incumprise algunha das obrigas adquiridas a tenor deste Prego ou desobedece as ordes que en interpretación e aplicación do mesmo lle sexan impartidas pola Alcaldía ou Concelleiro delegado, será apercibido por primeira vez; de persistir na súa conduta, será apercibido por segunda vez e se lle impondrá unha sanción de 60 euros; e no caso de que a súa conduta dea lugar a un terceiro apercibimento, rescindirase o contrato con perda da fianza constituída, debendo o adxudicatario sancionado entregar inmediatamente as instalacións ao Concello, todo isto sen prexuízo de calquera outra responsabilidade que lle puidera ser esixida.

XIV) Ó remate do contrato, o adxudicatario entregará as instalacións ao Concello en idénticas condicións que as recibiu salvo no caso de que ofertase a realización dalgunha ou todas as melloras, en cuxo caso estas deberán executarse e serán recibidas polo Concello mediante o procedemento que se considere oportuno. Tralo peche das piscinas da primeira tempada examinaranse as instalacións por parte do Concello para determinar o estado de conservación ou deterioro das mesmas, reservándose o Concello o dereito de resolver-lo contrato se se observase negligencia ou deixación das súas obrigas por parte do contratista.

XV) O contrato axustarase ao establecido nestas Condicións Administrativas e ten carácter administrativo e para o non previsto no mesmo estarase ó disposto na lexislación local vixente, no Real Decreto 817/2009, de 8 de marzo polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de contratos do sector público e no Real Decreto 1098/2011, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, así como na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público”.

Documento asinado electronicamente

